

MÁIS RECURSOS

<http://seventeencomics.blogspot.com/>
<http://www.guiadelcomic.com/>
<http://www.untebeoconotronombre.com/>
<http://coleccionistatebeos.blogspot.com/>
<http://concedearte.blogspot.com/>
<http://ellectorimpaciente.blogspot.com/>
<http://yodigono.blogspot.com/>
<http://elnovenoarte.blogspot.com/>
<http://elcuartomundo.com/>
<http://libreria.blogomundo.com/>
<http://www.comixv2.blogspot.com/>
<http://jotacedt.blogspot.com/>
<http://www.lacarceldepapel.com/>
<http://crmdcomics.blogspot.com/>
<http://www.xastrino.blogspot.com/>
<http://tirafrutas.blogspot.com/>



MALETA DE BANDA DESEÑADA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de
Centros e Recursos Humanos



E velaquí o decisivo dos cómics, o ser un medio narrativo, o servir para contar historias. O que o distingue dos outros medios cos que está emparentado é o contalas dun xeito peculiar e propio, empregando unha linguaxe e uns códigos específicos, e que se basea nunha síntese de linguaxes verbal e icónica.

Agustín Fernández Paz. *Para lermos cómics.*

MALETA DE BANDA DESEÑADA

A banda deseñada, o último dos xéneros ou novena arte como é chamada en certos medios, ten unha historia moi curta no noso país. Unha realidade que nacera da man de Raimundo Patiño e Xaquín Marín con aquelas *Dúas viaxes* pero que vai dando froitos de moito interese. A achega de revistas como *Can sen dono*, *Barsowia*, *Frente Comixario*, *Elipse*, *Carne líquida*, *Chámalle X*, *Comikaze*, *Lixo*, ... de monográficos como *A banda dos 17* (Cadernos de A Nosa Terra), ou as apostas de determinadas editoriais como Toxosoutos coa serie *Os Barbanzóns* e algúns máis, Xerais cunha aporta de tradución nun principio e logo o traballo de Fran Jaraba, Factoría K de libros,... ou o Certame de banda deseñada promovido pola Xunta foron cambiando o horizonte. O papel dos creadores organizados arredor de colectivos, revistas, salóns, asociacións, xornadas ou blogues vai deixando a súa pegada e facendo visible internacionalmente a canteira de creadores/as e obras.

Esta manifestación forma parte da cultura xuvenil por excelencia, aínda que experiencias como a da revista *Golffiño* de banda deseñada para nenos e nenas deron un paso fundamental no achegamento a este lectorado. Esta publicación, xa desaparecida, ou as actuais *BD Banda* e *Galimatías* son fiestras que mostran a realidade deste xénero.

Na actualidade son as editoras centradas na edición de cómic como *BD Banda* ou *El Patito Editorial*, así como as librerías especializadas, as que continúan a facelo visible, da mesma maneira que os Salóns como “Viñetas desde o Atlántico” ou o “Salón do cómic de Cangas” e as “Xornadas de Ourense”, ou os premios os que manteñen a súa presenza na realidade cultural.

Os galardóns acadados polos creadores galegos como Miguelanxo Prado ou Das Pastoras máis alá das nosas fronteiras, as publicacións internacionais nas que participan algúns deles como Fran Bueno, Carlos Portela ou Tirso Cons, as colaboracións periódicas en publicacións profesiniais de Víctor Rivas, Santi Gutiérrez, Alberto Guitián e Kiko Dasilva en “*Mister K*” ou “*El Jueves*”, de Norberto Fernández en “*Eros Cómic*” ... fan que podamos falar do prestixio e a repercusión que o traballo destes autores está acadando e aos que están atentos os medios de difusión dedicados a este campo.

O papel de internet ao permitir a lectura de avances das publicacións ou ao facilitar o comentario e intercambio de opinións entre os seguidores e creadores supón un pulo e un recurso a ter en conta para o fomento da lectura e o desenvolvemento do sentido crítico. Tamén se deben ter en conta as galerías de autores e autoras ás que se pode acceder a través de diferentes páxinas. O recurso fundamental a este nivel é o soportal **Banda Deseñada** integrado no portal de información culturagalega.org na rede do Consello da Cultura Galega. Nel están recompiladas e incorporadas publicacións e mostras de autores, novas informativas e reportaxes, e todo tipo de documentos dispostos para a descarga.

RECURSOS BANDA DESEÑADA na rede

- **Banda deseñada.** O soportal da banda deseñada galega, dentro do Consello da Cultura Galega. Recompilación e <http://www.culturagalega.org/bd/>
- Revista e editora de banda deseñada en galego <http://www.bdbanda.com/>
- Editoras
 - o <http://www.elpatitoeditorial.com/>
 - o <http://www.faktoriakdelibros.com/>
 - o <http://www.astiberri.com/>
 - o <http://www.normaeditorial.com/blog/>
 - o http://www.tebeosfera.com/entidades/grijalbo-dargaud_sa.html
 - o <http://www.editorialjuventud.es/>
 - o <http://www.barbara-fiore.com/>
- Exposición de banda deseñada galega <http://www.bdbanda.com/contido/wp-content/Dia%20da%20banda.pdf>
- Páxina do colectivo de autores de cómic, ilustradores e deseñadores que teñen a súa base de operacións en Galicia: <http://www.polaqiaticomic.com/>
- Blogue dedicado ao cómic realizado desde as Bibliotecas Municipais de A Coruña <http://bijcomic.blogspot.com/tratamos/>
- Blogue do Club de lectura do cómic na Biblioteca municipal de Porriño <http://biblioporrinocomic.wordpress.com/>
- Debuxantes de cómic dentro da Asociación galega de Profesionais da Ilustración AGPI: <http://www.agpi.es/ilustradores.php?obras=8>
- <http://www.autoresdecomic.com/>
- Blogue do Salón do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”: <http://vinetasatlantico.blogspot.com/>
- Blogue sobre cómic mantido por varios editores, creadores e críticos de banda deseñada: <http://www.zonafandom.com/>
- <http://www.entrecomics.com/>
- Xornadas de banda deseñada de Ourense: <http://www.casaxou.com/bd/>
- Unha pequena historia da banda deseñada en Galicia <http://www.prazadasletras.org/enlaces/novas/doc/0605552001208363645-unha-ollada-a-cinco-anos-de-bd.pdf>
- Unha folla de recursos sobre banda deseñada a través do programa de TVG Libro aberto <http://naprocuradumhabandadesenhadamundial.blogspot.com/2009/01/libro-aberto-e-banda.html>
- Salón do cómic de Cangas: <http://www.salondocomicdecangas.com/>
- Páxinas de creadores:
 - <http://baobabestudio.blogspot.com/>
 - <http://mporto.blogspot.com/>
 - <http://www.victorrivas.com/comic>
- Páxinas de librerías especializadas ou comictecas:
 - http://www.murciaattacks.com/espacios_librerias.php
 - <http://historietastresespacios.blogspot.com/>
 - <http://yakataatresespacios.blogspot.com/>
 - <http://www.level426.com/nostromo/>
 - Diarios de lectores de b.d. : <http://www.lacarceldepapel.com/>, <http://jirotaniguchi.blogspot.com>
- Webs dedicados ao comic, os seus autores e autoras, as súas confluencias con outras artes...: <http://www.zonanegativa.com/>, <http://www.actualidadcomic.com/>
- Web do Salón do cómic de Barcelona: <http://www.ficomix.com/>

RELACIÓN DE TÍTULOS DA MALETA

	Título	Autor	Colección	Editorial
X	¡ No pasarán ! Tomo 1	Giardino, Vittorio	Las aventuras de Max Fridman	Norma Editorial
X	A volta á Galia	Goscinny / Uderzo	Asterix	Grijalbo / Dargaud
X	Arrugas	Roca, Paco		Astiberri
X	As serpes cegas	Seguí / Hernández Cava		BD Banda
X	Astro. Valente explorador	Olivares, Javier	BD Banda	Factoría K de libros
X	Aya de Yopougon	Aboutet; Marguerite / Oubrière, Clément		Norma Editorial
X	BD Banda. Revista nº 3	VVAA		DB Banda
X	Bone, Lejos de Boneville	Jeff Smith		Astiberri
X	Café Budapest	Zapico, Alfonso		Astiberri
X	Como facer un cómic	Trondheim; Lewis e García, Sergio		Factoría K de libros
X	De Profundis	Prado, Miguelanxo		El patito editorial
X	Emigrantes	Shaun Tan		Bárbara Fiore Editora
X	Entender el Cómic	Scott McCloud		Astiberri
X	Están vivas	Fausto, Méndez & Malvar	Novas aventuras de Simón	Xerais
X	Flores desde Hiroshima	Fausto, Méndez & Malvar	Un misterio para Simón	Xerais
X	Francia tiene miedo	Larcenet, Manu	Las aventuras de Tim Oruno	Norma Editorial
	Frankenstein	Sierra, Sergio A.	Novela Gráfica	Parramón
X	Galimatías (6 ex.)	VVAA		El patito editorial
X	Golfiño en Portada	Fausto		El patito editorial
X	Historias de Galiza (1)	VVAA		Xunta de Galicia
X	Los Combates Cotidianos (2)	Larcenet, Manu		Norma Editorial
	Magasin Général. Los hombres	Loisel & Tripp	Casterman	Norma Editorial
X	María y yo	Gallado, María / Miguel		Astiberri
X	Maus	Art Spiegelman	Bueno & Raro	Inrevés
X	Mensaxes	Casas, Mariano		El patito editorial
X	O lobo da xente	Moxon	Vicente Risco	BD Banda
X	Os amigos de Archimboldo Roque	Fernández Serrano, Jacobo	BD Banda	Factoría K de libros
X	Os Barbanzos. Baroña ou morte	Carreiro, Pepe	Os Barbanzons	Toxosoutos
X	Os cinco narradores de Bagdad	Vehmann / Duchazeau		Factoría K de libros
X	Para lermos cómics	Fernández Paz, Agustín		Consellería Cultural. Xacobeo 2004
X	Persépolis	Marjane Satrapi		Norma Editorial
X	Terra Libre	Jaraba, Fran		Xerais
X	Thorgal. La maga traicionada	Rosinski / Van Hamme	Pandora	Norma Editorial
X	Tintin en América	Hergé	Las aventuras de Tintin	Juventud
X	Trazo de tiza	Prado, Miguelanxo	Miguelanxo Prado	Norma Editorial
X	Un lugar entre las sombras	Díaz Canales / Guarnido	Blacksad	Norma Editorial
	Valscon Bashir	Ari Folman y David Polansky		Salamandra

UNHA MALETA VIVA QUE VIAXA

- Esta maleta é só un inicio...
- Proponse aos centros para que a utilicen á súa maneira, en función dos seus obxectivos e ofrécese como un proxecto colaborativo, que se irá enriquecendo coas achegas de todas e todos.
- A maleta terá a súa sede no Centro de Formación e Recursos (Asesor/a de bibliotecas escolares). Esta persoa será a referencia para poder localizar a maleta e organizar o percorrido da mesma, en función das solicitudes.
- O centro interesado realizará a súa solicitude e deberá recoller e entregar a maleta, asumindo os custos se fose preciso.
- Antes de entregar a maleta, deberán revisar que están todos os materiais, así como o bo estado dos mesmos.
- No caderno da maleta poderán realizarse cantas suxestións se estimen oportunas (de contido, de funcionamento....)
- O tempo de uso da maleta non poderá superar un mes, e en calquera caso, acordarase co asesor ou asesora responsable no CFR, en función tamén da demanda.



Suxestións para o uso da Maleta de banda deseñada:

A presenza da Maleta de banda deseñada na biblioteca do centro pode servir para:

- Reforzar actividades sobre cómic ou banda deseñada, organizadas na biblioteca ou nalgunha das aulas.
- Estimular a lectura de cómics de calidade entre os membros da comunidade educativa.
- Dar pé a unha exposición de cómics e novelas gráficas, de distintos estilos.
- Xogos de identificación de ilustracións/autores
- Estimular actividades como encontros con autores, elaboración de banda deseñada, debates, clubs de lectura...
- Converter a banda deseñada nun xénero protagonista durante unha tempada.
- Apoiar a posta en marcha de obradoiros de cómic.
- Ambientar o encontro con reproducións da obra dun autor ou autora de banda deseñada. .
- Apoiar a presenza de autores galegos de banda deseñada na biblioteca escolar e nas propostas de lectura.
- Mergullarse nunha obra determinada, seleccionada pola súa calidade, o tema que trata, o autor, o espazo no que discorre a historia... e tomalo como motivo para un proxecto de traballo de carácter interdisciplinar, con propostas de busca de documentación en soporte impreso ou electrónico.
-